

O martes día 5 de abril vennos visitar:

Antonio Reigosa Carreiras

(Zoñán, Mondoñedo, 1958). Na actualidade é responsable de Comunicación e Xestión Cultural da Rede Museística da Deputación de Lugo. Cronista Oficial de Mondoñedo desde xaneiro de 2015. **Escritor, investigador e divulgador da mitoloxía popular, da literatura de tradición oral e da cultura oral.** Realizou numerosos **traballos de campo** en diferentes concellos da provincia de Lugo: Abadín, Vilalba, Begonte, A Pontenova, Chantada, A Fonsagrada. Creador e coordinador da **enciclopedia virtual Galicia Encantada**



(<http://www.galiciaencantada.com>).

Coordina as **revistas orais** *O pazo das musas* (Museo Prov. de Lugo) *A voz dos carraos* (Museo Prov. do Mar, San Cibrao, Cervo) *Castronela* (Museo Fortaleza San Paio de Narla, Friol) e *A voz dos lenavos* (Museo Pazo de Tor).

Coordina as **Xornadas de Literatura Oral** que se veñen celebrando en Lugo desde 2008, que foron dedicadas ao demo, ao lobo, ás lendas urbanas, aos mouros e ás mouras, historias, mitos e monstros do mar de Galicia, e aos amuletos e reliquias.

Colaborou en varias radios, como RNE (Premio Certame Nacional de Artes e Tradicións populares do Ministerio de Cultura, 1987, por “O mal de ollo” programa emitido por RNE-Galicia), Radio Galega (serie Galicia Encantada, 2007-2008) e colabora regularmente con diversos xornais e revistas especializadas.

É autor e coautor dunha longa lista de libros e estudos científicos e narrativos. Recibiu máis de 15 distincións e premios, como o I Premio Frei Martín Sarmiento ó mellor libro do ano 2003, o Premio “Supernova” de Literatura Infantil e Xuvenil, e foi finalista no Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, etc.

Este é o seu libro máis recente:

